

Año 1

Nº 2

2015


DOCE MIRADAS






Desbotei os cadernos que teño gardados no albó da miña nai, escollo entre os poucos que hai a man na casa. Con eles abertos quedo espido, os cadernos son íntimos, debo vencer o pudor. Neles está o taller, vese a trastenda da profesión, tantas horas investidas, gozadas, anos mergullado na gráfica, unha paixón, tentando sempre ver máis alá do consensuado. Pero hai máis. (1) Velaquí á a miña compañeira, quizais a elección máis difícil, o debuxo, claro. Manuela nunca sae ben, di ela, aquí co pelo moi curto, gústame. E son xa vinte e cinco anos xuntos, cumprimos no día da Ascensión, unha irresistible ascensión, un xoves que para min reloce sempre. (2) Artur e (3) Inés, dezanove e quince anos agora, tantas horas tamén gozadas e investidas. A vida cotiá, baños, darlles a cea, contar o conto cando son, cando eran pícaros, as tarefas, os enfados, e o ben que o paso. Cos ollos deles na tele a pose é doada. (4) A cea e o xantar, as listaxes da compra, outras veces vou a rumbo, pensando diante dos andeis do super o que hei preparar mañá e pasado. Todo está nos cadernos, quizais debería sair tamén algunha receita ditada pola miña nai, chícharos con patacas novas e torreznos, téñoa por aí. Non hai ningún debuxo de meu pai, comecei a tentar retratar os meus cando os rapaces eran pequenos, morreu antes, pero gardo del outras cousas. (5) Teño sempre máis cadernos dos que podo utilizar, sempre emborranchando páxinas sen fin, verquendo tinta mesmo que sexa sen propósito, como se fose un mándala para centrar a atención no que din os demais nunha reunión, unha práctica que adoito facer, debuxos telefónicos, esta xunta foi longa. (6) Un autorretrato diante do ordenador apagado, a pantalla en negro devólleme a face, a carón tarefas pendentes, quizais aínda algunha sen cumprir. Co ordenador voume


defendendo desde hai poucos anos, sempre tiven compañeiros que os manexaron. Os Mac's están presentes na miña vida desde que chegaron aos ateliers dos deseñadores, sería polo oitenta e sete. Traballo e lecer só nun aparello, moitas horas con eles. (7) E desta vez o que pode ser un auto sen debuxo, son dúas páxinas ateigadas de apuntamentos, tarefas en curso, lembranzas e aínda unha listaxe de artigos que quero facer, dous xa rematados, historias do deseño aquí, no noso país. É unha listaxe ambiciosa, debo coller folgos. E do dereito e do reverso, unha nota chama por outra, estendendo no papel un diálogo comigo mesmo. (8) Só van dúas páxinas para mostrar os esbozos dun traballo, varios bosquexos, porque aí están colados retallos doutros cadernos, é o resumo do proceso de deseño para o símbolo dun evento cultural. Mostrei así a idea ao cliente, había presa e tiña confianza, ás veces os clientes son amigos, ou fanse. (9) E os músicos. Debuxei a Xocas Meijide no Filloa, tentei esgarabellar unha imaxe con cada peza ao ritmo da música, perdinme. Sempre música posta, jazz, antiga, John Mayall, máis jazz, brasileiros, Baldo... (10) Planos ateigados de anotacións, entre elas néganse ou afirmanse, vese abrollar o pensamento. Museoloxía e museografía van unidas, o espazo debe acaer a un discurso, son anos xa traballando arredor de Rosalía, a súa casa é aínda un proxecto inconcluso. (11) Un caderno fai de cartafol, xuntei nel os papeis dun Cortexo cívico dos veciños da Cidade Vella da Coruña. Aínda argallamos ben aqueles anos, moita xente a colaborar, do barrio, de toda Galicia. A Cidade Vella devolveume a un centro do mundo, tiven, teño outros centros, Compostela, Pontedeume, onde vive miña nai, poñendo alí a querencia íntima e sentimental, en Aguabar, o lugar onde está tirado o seu retrato (12).











TEMA DE FOLIO 5

EVOLUCIÓN DEL PAPEL EN LA HISTORIA

PROCESO DE FABRICACIÓN:

- 1. MATERIAS PRIMAS: LIGNO, CENIZAS, CAL, Sulfuro de Calcio, Carbonato de Calcio
- 2. PULPA: Se trata de limpiar la madera de sus impurezas y convertirla en pasta.
- 3. PAPEL: Se mezcla la pulpa con agua y se filtra para eliminar el exceso de agua. Se prensa y se seca.

USOS Y TIPOLOGÍAS:

- PAPEL DE PULPERÍA:** Se usa para hacer papel de pulpería.
- PAPEL DE LIGAJE:** Se usa para hacer papel de ligaje.
- PAPEL DE ALMOCOFAN:** Se usa para hacer papel de almocofan.
- PAPEL DE ALMOCOFAN:** Se usa para hacer papel de almocofan.
- PAPEL DE ALMOCOFAN:** Se usa para hacer papel de almocofan.

OTROS DATOS:

- El papel es un material que se ha utilizado desde hace miles de años.
- El primer papel se hizo en China en el año 105 d.C.
- En Europa, el primer papel se hizo en el año 1118.
- El papel se hizo en América en el año 1493.

15-1-5

PROCESO DE FABRICACIÓN DEL PAPEL:

- 1. MATERIAS PRIMAS: LIGNO, CENIZAS, CAL, Sulfuro de Calcio, Carbonato de Calcio
- 2. PULPA: Se trata de limpiar la madera de sus impurezas y convertirla en pasta.
- 3. PAPEL: Se mezcla la pulpa con agua y se filtra para eliminar el exceso de agua. Se prensa y se seca.

USOS Y TIPOLOGÍAS:

- PAPEL DE PULPERÍA:** Se usa para hacer papel de pulpería.
- PAPEL DE LIGAJE:** Se usa para hacer papel de ligaje.
- PAPEL DE ALMOCOFAN:** Se usa para hacer papel de almocofan.
- PAPEL DE ALMOCOFAN:** Se usa para hacer papel de almocofan.
- PAPEL DE ALMOCOFAN:** Se usa para hacer papel de almocofan.

OTROS DATOS:


- El papel es un material que se ha utilizado desde hace miles de años.
- El primer papel se hizo en China en el año 105 d.C.
- En Europa, el primer papel se hizo en el año 1118.
- El papel se hizo en América en el año 1493.


Diagramas:

9.1.12













Pepe Barro (Pontedeume, 1955) é un deseñador gráfico ao que lle gusta tocar todos os xéneros e mesmo mesturar uns cos outros. En case corenta anos de actividade profesional, o conxunto do seu traballo pódese entender como unha lectura da Galicia que quere remozar os seus sinais de identidade, incorporando as linguaxes do deseño internacional como un ingrediente máis. Como profesional independente, asociado en Grupo Revisión ou desde Barro Deseño, realiza algúns dos seus traballos máis coñecidos como a identidade

gráfica da Universidade da Coruña, os primeiros "cuponazos" da Once, a camiseta da Selección Galega de Fútbol, a web da Real Academia Galega ou o proxecto museolóxico e museográfico da Casa de Rosalía. Entre as moitas exposicións que mostraron o seu traballo, síntese especialmente satisfeito das sete nas que se poido ver a caixa de ovos do Pazo de Vilane. Na rede pódese acceder de balde ao seu libro *O como é o que conta* (2014), trinta artigos sobre o deseño, a cultura e a imaxe da cultura.



Todo está nos cadernos



galería vilaseco 

 C/P adre Feijoó 5, 1º
15004 A Coruña
[+34] 981 216 252
[+34] 627 484 802
galería@vilaseco. com
www.galeriavilaseco.com